

A LÚA TECELÁN

É Nadal e o frío intenso
as regalías nos nega
sen descubrir no horizonte
a Luz do Sol
que non chega.

Son as noites tan enormes
que o día os postigos torna
cando xorde e alborexa
coa lene luz da raiola
volve para a cama e deita,
covarde mencer na alcoba.

Lúa fría de cristal
que nos miras peneireira
desde o ceo das estrelas
¿onde se agachou o Sol?,
¿apagárono as folerpas?.

Os altos do Cadramón esconden a Lúa espida
coa aura que sempre leva,
en Begonte se detiña
alumando
a cantos viñan
cun resplandor cheo de luz
garimoso e atrevido
desde o seu berce azul.

Son rueiros de apego á vida ¡nun Sol Meniño, pequeno!
que convoca ós veciños
festexar seu nacemento.

Na Terra Cha xea ás presas
e o lazo e os carambelos
levan pastos e arboredas.
Uns farrapos de pobreza
quedánnos para sustento.
...Pouco para tanto tempo
namentras O Sol non chega
anovando as esperanzas,
fecundando as nosas terras.
Cómpre que volva lucir ¡regalo de primavera!.

Lúa fría marelíña
dos ensoños de cristal
mentres teces, dille ó Sol
que o agardamos a que veña
regalarnos a calor
moi ó preto,
¡tan ó cerca
que o seu alento de amor
nos saque desta cegueira!.
A Lúa, anque chea e grande
esclarece e non mitiga
os fríos da noite escura
e os fríos da noite fría,
os fríos ventos de neve
das tan longas invernías.
se á tardiña, a Lúa Chea,
levanta grande e vermella
como noiva namorada
e alumia como unha estrela
mais, en erguéndose o día,
fuxe do Sol no horizonte,
¡...ignoramos se durmida
queda pousada na noite!.

Namorada Lúa que guías
ó Neno Sol que nos quenta
dille que de noite durma
mentres tí os soños velas.

Lúa fría que nos teces
as ilusións e os desexos
como espello solitario
mándanos os teus reflexos.

E chama ó Sol cando nace,
dille -eu sei que che ten aprecio-
que cos brillos do diamante
escintilee más tempo.

Lúa fría, se porfías trenzando a tenrura en fibras
e os anhelos de veludo
cos medos en sedas finas,
alumarasnos na noite as tantas paixóns que inspiras,
dando consolo de amor
ó Sol que nos quenta os días.

Lúa fría e amarela
dos ensoños, tecelán;
que tan só luz nos reflexas
¿cando O Sol Neno virá
acariñarnos as penas?.